

Das tres portas que posúe A Cidá da Saceda, a situada no sector noroeste é a máis monumental, xa que aparece flanqueada por dúas torres en forma de proa de barco. Unha delas aparece protexida por un corpo rectangular situado na cara interior da muralla. Este tipo de accesos, coñecidos como portas en clavícula ou oblicuas, obríganos a acceder ao interior do recinto de forma indirecta, o que permitía reforzar a defensa do castro desde o seu interior.

A porta norte



A monumentalización das portas dos castros busca unha dobre finalidade: dificultar o acceso violento ao poboado e engrandecer a súa entrada, ofrecendo cara o exterior unha imaxe de vigor e fortaleza da comunidade que o habita.

A porta conta cun firme lousado a través dunha calzada que penetra no recinto. Este recinto murado é o meirande dos tres cós que conta o castro da Saceda. Fóra desta muralla tamén se documentaron cabanas petrificadas e restos de tegula, o que evidencia que arredor dela se levantou un *vicus* ou aldea romanizada que carecía de defensas colosais.

Arriba, a porta escavada en 1983. Abaixo, aspecto do conxunto unha vez reconstruído



Fotografías de Antonio Rodríguez Colmenero, arqueólogo-director dos traballos

No contorno desta porta atopáronse múltiples restos cerámicos, de pasta vítrea e metálicos, algúns deles procedentes, sen dúbida, dos recintos superiores, desde onde chegaron aquí por causa da gravidade e do arrastre da auga de chuvia.

Entre os materiais exhumados na campaña de 1982 atopamos:

Unha doa oculada de pasta vítrea de orixe púnica (Cartago; África) que formou parte dun colar ornamental.

Diámetro: 12 mm
Diámetro da perforación: 5 mm
Grosor: 9 mm



Un alfinete de bronce datable entre o s. I e II d.C. que evidencia a necesidade de fixar a posición social do individuo, neste caso, unha muller, dentro da comunidade.

Diámetro: mínimo, 1 mm; máximo, 5 mm



Mención aparte merece unha **punta palmela** datable na Idade do Bronce (2.000 a.C) que fixo de remate metálico dunha lanza ou xavelina de madeira, o que fai dela a peza metálica máis antiga documentada no castro. Os utensilios de ferro e bronce representan o 95% do total das pezas metálicas atopadas no xacemento.



A práctica totalidade destes materiais teñen unha cronoloxía próxima ao cambio de era (ano 0), polo que esta punta metálica é unha notable excepción desde o punto de vista cronolóxico.

Fotografías do Museo Arqueolóxico de Ourense

